



CARTA

do reitor ao estudantado

Prezado estudantado,

En primeiro lugar, espero que tanto vós como as vosas familias vos atopedes ben de saúde e de ánimo, dentro da difícil situación que nos está tocando vivir e da que espero poidamos saír máis pronto que tarde. Mentres tanto, tócanos a todas e todos facer o posible para rematar o curso con éxito.

Aínda non é posible afirmar con seguridade que non vaiamos ter clases presenciais na segunda quincena de maio, pero é altamente improbable. Para que o cuadrimestre remate do mellor xeito posible, imos intentar ter organizada a docencia non presencial á volta de Semana Santa, a través dalgunhas actuacións promovidas desde o equipo de goberno:

1. **Solución dos problemas derivados da fenda dixital.** Os centros comunicáronnos os datos do estudantado con dificultades para seguir as clases ou utilizar Fatic desde as súas vivendas. Durante a Semana Santa poñeremos en marcha unha solución técnica que permitirá que ninguén quede fóra da reprogramación do curso académico.
2. **Posta en marcha das aulas virtuais de Campus Remoto.** Puxemos en funcionamento as aulas xemelgas que están á disposición das escolas e das facultades e que permitirían impartir a docencia sincrónica incluso sen mudar os horarios, se así o deciden os centros. Estas aulas representan un punto de encontro entre o profesorado e o alumnado para seguir cunha docencia o máis semellante posible á docencia presencial. Se o profesorado ou o estudantado non puidera respectar os ditos horarios, pídevos a todas e todos que poñades boa vontade para poder resolvelo.
3. **Reforzamento de Fatic.** Esta é a outra alternativa que propoñemos para que o profesorado poida contactar convosco, enviarnos materiais e incluso avaliar o voso traballo. Recomendámoslle ao profesorado non cargarvos con máis traballo do que teríades na modalidade presencial, senón procurar que se acaden as competencias das materias.
4. **Organización dun grupo de traballo** con todas as persoas responsables dos decanatos e das direccións dos centros para coordinar os temas docentes.
5. **Publicación de distintas instrucións** para a organización do teletraballo do persoal.
6. **Reorganización das guías docentes.** Solicitámoslle ao profesorado que adaptara as guías docentes á situación actual e vamos aprobalas por un procedemento extraordinario.

7. **Avaliación a distancia.** Estamos a analizar distintos medios tecnolóxicos para realizar exames a distancia. Non está claro que non vaimos poder realizar exames presenciais, pero estamos tentando cubrir todas as posibilidades.
8. **Prácticas externas.** Publicamos unha resolución reitoral sobre as prácticas en empresa que ofrece diferentes alternativas para flexibilizar e facilitar as ditas prácticas.
9. **TFG e TFM.** Facilitaremos o máximo posible os procedementos de lectura dos traballos de fin de grao e de fin de mestrado.
10. **Gravación das clases.** Está previsto que se graven as clases en Campus Remoto. A través desta opción, aquelas persoas que teñan dificultades de conexión ou que non poidan utilizar o ordenador nas horas das clases poderán seguilas despois da súa realización.

Nos vindeiros días, o voso profesorado enviaravos información concreta sobre como se vai desenvolver cada materia, incluíndo os procedementos da avaliación.

Por favor, solicitovos que nos comuniquedes calquera problema que atopedes durante estes meses a través da secuencia normal: primeiro co profesorado implicado e se non atopades solución, coa dirección ou o decanato do voso centro. Se os vosos problemas continúan, podedes dirixirvos á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria a través da caixa de queixas, suxestións e parabéns (**QSP**).

Tamén estamos traballando nun posible escenario no que teñamos que facer os exames de xeito non presencial. Aínda é cedo para que poidamos dicir que non faremos a avaliación tal e coma estaba previsto, pero, por se é necesario, tentaremos contar con distintas alternativas para que as probas se poidan realizar coas suficientes garantías. A nosa intención é sacar adiante o curso nas datas marcadas.

Para rematar, agradézovos de verdade o voso esforzo que, coordinado co do profesorado, nos permitirá finalizar o curso con éxito. Pídvos que teñades paciencia ante os problemas que poidan xurdir. Estou seguro que sodes conscientes de que estamos a adaptarnos nun tempo récord a un novo modo de ensinanza derivado desta situación inesperada que nos está tocando vivir.

Un cordial saúdo,

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor